

Resolución do XX de XXX de 2023 da Dirección Xeral da Función Pública pola que se procede á apertura do prazo para solicitar a participación nos procesos de funcionarización polo persoal que se atope en situación de excedencia voluntaria, excedencia voluntaria por incompatibilidade ou por prestación de servizos noutra Administración pública e se aproba e se dá publicidade ao modelo de solicitude de participación (código de procedemento XXXX).

A disposición adicional primeira do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG número 2, do 03.01.2021), recolle o procedemento para a funcionarización do persoal laboral fixo que se atope en situación de excedencia voluntaria, excedencia voluntaria por incompatibilidade ou por prestación de servizos noutra Administración pública.

Esta resolución foi obxecto de informe por parte da Dirección xeral de Simplificación Administrativa, órgano con competencias en materia de racionalización e simplificación dos procedementos administrativos.

En consecuencia, en cumprimento do establecido no devandito Decreto

DISPOÑO

Primeiro. *Obxecto e finalidade*

1. A presente Resolución ten por obxecto habilitar o prazo para que o persoal laboral fixo da Xunta de Galicia que se atope na situación de excedencia voluntaria, excedencia voluntaria por incompatibilidade ou por prestación de servizos noutra Administración Pública manifieste mediante unha solicitude o seu interese en querer participar nun futuro proceso de funcionarización.
2. A presente resolución tamén ter por obxecto regular o procedemento e aprobar e dar publicidade ao modelo normalizado (código de procedemento XXXXXX) para a

tramitación por medios electrónicos da solicitude de participación nun futuro proceso de funcionarización.

3. Esta Resolución ten por finalidade poder cuantificar, por grupo e categoría profesional o número de persoas que, atopándose na situación de excedencia voluntaria, excedencia voluntaria por incompatibilidade ou por prestación de servizos noutra Administración pública, queren participar nun futuro proceso de funcionarización e trasladar á correspondente Oferta Pública de Emprego esas solicitudes. O traslado á dita oferta farase dando prioridade aos dous primeiros supostos aos que se refire o seguinte apartado.

Segundo. *Supostos*

Poderá presentar a solicitude de querer participar nun futuro proceso de funcionarización o persoal laboral fixo da Xunta de Galicia que se atope nalgunha das seguintes situacións:

1) Suposto núm.1: Persoal laboral fixo que posúe unha ou varias categorías profesionais e que se atopa en excedencia voluntaria ou excedencia voluntaria por incompatibilidade por estar prestando servizos como persoal funcionario interino ou como persoal laboral temporal na Xunta de Galicia.

2) Suposto núm.2: Persoal laboral fixo que posúe máis dunha categoría profesional, que se atopa prestando servizos na Xunta de Galicia nunha delas, sendo esta unha categoría que aínda non foi convocada a súa funcionarización, e que se atopa na situación de excedencia nas demais categorías profesionais.

3) Suposto núm. 3: Persoal laboral fixo que posúe máis dunha categoría profesional, que se atopa prestando servizos na Xunta de Galicia nunha delas, sendo esta unha categoría que xa foi convocada a súa funcionarización, e que se atopa na situación de excedencia nas demais categorías profesionais.

4) Suposto núm.4: Persoal laboral fixo que posuíndo unha ou máis categorías profesionais se atopa na situación de excedencia voluntaria ou en excedencia voluntaria por incompatibilidade e non se atopa prestando servizos na Xunta de Galicia.

5) Suposto núm.5: Persoal laboral fixo que posúe unha ou mais categorías profesionais e que se atopa en situación de excedencia voluntaria ou en excedencia voluntaria por incompatibilidade ou por prestación de servizos no sector público por ter a condición de funcionario de carreira nesta Administración.

Consonte o recollido na normativa aplicable, o persoal que se atope en situación de excedencia voluntaria haberá de ter prestado un mínimo de un ano de servizo na categoría profesional dende a que se presenta á funcionarización.

Terceiro. *Presentación da solicitude e prazo*

1. A solicitude de participación deberá facerse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da comunicación aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.

2. O prazo de presentación será de tres (3) meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta Resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No suposto de non presentaren a solicitude no prazo anterior non se poderá participar nos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro desta Resolución.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos datos incluídos na solicitude de participación.

Cuarto. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia

Quinto. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE **da persoa solicitante, ou do seu representante.**
- b) Grupo/s e categoría/s **da persoa solicitante**
- c) Situación administrativa **da persoa solicitante**

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sexto. Publicación

Publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as.

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou alegar o que estimen procedente.

A estimación ou desestimación das peticións formuladas entenderanse implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral da Función Pública, que será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

Estas listaxes provisionais e definitivas publicaranse tamén no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

Sétimo. *Recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnalas directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

O director xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NOS PROCESOS DE FUNCIONARIZACIÓN DENE A SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA OU EXCEDENCIA POR INCOMPATIBILIDADE OU POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	AA000A	SOLICITUDE

(Datos da persoa solicitante cando é unha persoa física)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO				

(Datos da persoa representante legal)

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF



(Cadro ou cadros con datos específicos para este procedemento.)

DATOS PROFESIONAIS	
GRUPO/S E CATEGORÍA/S PROFESIONAIS ÁS QUE PERTENCE	
SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA	MARCAR O QUE PROCEDA
Suposto núm.1	<input type="radio"/>
Suposto núm.2	<input type="radio"/>
Suposto núm.3	<input type="radio"/>
Suposto núm.4	<input type="radio"/>
Suposto núm.5	<input type="radio"/>

(Cadro de declaracións, débense por aquí todas as declaracións que se presentan coa solicitude deste procedemento. Elixiremos o título en función do perfil da persoa solicitante)

[A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:]

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="radio"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="radio"/>
GRUPO/S E CATEGORIA/S da persoa solicitante	<input type="radio"/>
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA da persoa solicitante	<input type="radio"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, en concreto na <i>Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Decreto 165/2019, do 26 de decembro polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia</i> . No seu caso, o consentimento da persoa interesada.
Destinatarios dos datos	A Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral da Función Pública.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* número 82, do 4 de maio)

Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. (*Diario Oficial de Galicia* número 2, do 3 de xaneiro)

Resolución do __ de _____ de 2023 da Dirección xeral da Función Pública pola que se procede á apertura do prazo para solicitar a participación nos procesos de funcionarización polo persoal que se atope en situación de excedencia voluntaria, excedencia voluntaria por incompatibilidade ou por prestación de servizos noutra Administración pública e se aproba e se dá publicidade ao modelo de solicitude de participación (código de procedemento XXXXXX) (*Diario Oficial de Galicia* número XXX, do XX de XXXX)

[SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE]

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral da Función Pública